

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 18 de abril de 2024, e a proposta dos equipos PROA dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde CONSIDERA PERTINENTE de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento de alto impacto, sanitario, social e económico:

DELAFLOXACINO

na indicación de tratamento de adultos con infección de pel e partes brandas causadas por SARM cando o emprego de outras alternativas como glucopéptidos, oxazolidinonas, lipoglucopeptidos, daptomicina y tigeciclina resulten inapropiadas.

De xeito excepcional e no marco do RD 1015/2009 de "uso de medicamentos en situacións especiais" podería valorarse o seu uso en adultos que presentan outras infeccións distintas a da pel e partes brandas, de etiología polimicrobiana con implicación de SARM e microorganismos gramnegativos, nos que se propoña un manexo extrahospitalario do paciente cando o emprego de outras alternativas terapéuticas resulte inapropiadas.

Recoméndase que a valoración do inicio de estes antimicrobianos e o manexo dos pacientes que os reciben estea supervisado por equipos multidisciplinares hospitalarios de expertos en enfermidades infecciosas, microbioloxía clínica e terapéutica antimicrobiana (PROA).

Santiago de Compostela, sinatura e data dixital

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde